



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICO E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio



DEPUTACIÓN
DE LUGO



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro

CONVOCATORIA E BASES :

- MEDIDA 8.2.3.3 “ TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” AXUDAS AO AUTOEMPREGO,
- MEDIDA 8.2.3.4 “TU EMPLEO EN EL RURAL” MEDIDAS PARA FAVORECER O AUTOEMPREGO E O EMPRENDIMIENTO COLECTIVO NO MARCO DA ECONOMÍA SOCIAL.
- MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA A EMPRESAS LOCALIZADAS NALGÚN DOS CONCELLOS CONTIDOS NO ANEXO I. PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

INTRODUCCIÓN

O cambio demográfico é un dos grandes retos aos que se enfrontan as administracións públicas pois afecta ao seu equilibrio económico, social, cultural, territorial, ambiental... A Deputación de Lugo lanza un novo programa, co fin de dinamizar as zonas rurais dos concellos de menos de 5000 habitantes, e así combater o reto demográfico e despoboamento nas zonas rurais. Para iso propón captar o talento dos mozos e mozas da nosa contorna e incentivar o emprendemento, completar a súa formación en sectores de alta demanda así como fomentar a contratación por parte do tecido empresarial das zonas rurais, fomentando así a empregabilidade dos mozos, colectivo con alta dificultade para atopar emprego de calidade conseguindo así un dobre obxectivo, axudar a mellorar as condicións demográficas e fortalecer as capacidades emprendedoras de zonas con despoboación ou alto envellecemento.

Este proxecto é unha aposta por un cambio no que vivir e traballar no rural é posible, podendo converterse nestes momentos nunha oportunidade para os mozos da provincia e que non precisen emigrar a outra comarca ou país, aproveitando as vantaxes dun mundo globalizado onde todo está ao alcance dun “CLICK”, ademais estase a producir unha gran transformación no mercado de traballo, desaparición de postos, robotización, novos perfiles e cualificacións ...moito mais acentuado e rápido pola situación excepcional causada pola pandemia do COVID 19...todo isto provoca unha serie de cambios sociais e culturais, que con leva a un proceso de unificación dos modos de vida, así como das pautas de desenvolvemento da vida cotiá que levan a valorar outros aspectos que xeren calidade de vida tales como as xornadas continuas, teletraballo, redes sociais sen fronteiras, protección do medio ambiente, sen perder a competitividade, a apertura da mente e a evolución pero dende a sustentabilidade.

Sen esquecer que a mocidade é un tesouro que debemos coidar e que por diversas razóns, tales como a crise económica, mercados non flexibles, precariedade laboral, cultura de medo dos empresarios o compromiso que xera a contratación indefinida fronte a as súas vantaxes, as novas xeracións estalles custando arrincar, aínda que os mozos da nosa provincia están formados, teñen ambición, saben idiomas, valoran a súa terra e cultura... Como administración pública debemos ofrecer ferramentas que faciliten a seu afincamento e crecemento profesional no territorio e convértanse en panca de cambio desterrando a necesidade de saír fóra da zona rural para triunfar ou ter éxito na vida, de aí nace a Medida 8.2.4.2 “Xente nova no Rural”.

Este programa encádrase dentro da convocatoria efectuada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública a través do Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais para o financiamento de proxectos de emprego, autoemprego, e

emprendemento colectivo dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación no marco do “Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo” (Axudas EMP-POEJ) a través de catro medidas, a presente convocatoria correspóndese coas seguintes medidas:

- **Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”, axuda o emprendemento individual**
- **Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”, axuda os socios de economía social**
- **Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”, axudas para a contratación por conta allea a empresas localizadas nalgún dos concellos do Anexo I.**

Artigo 1. Finalidade e obxecto

As medidas agrúpanse en dúas tipoloxías :

1) FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

Recollido na **Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”** a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

O obxectivo principal é que os mozos inicien a súa vida profesional sen necesidade de cambiar a núcleos de poboación máis grandes, incentivando a contratación por conta allea, establecendo unha convocatoria para seleccionar a persoas físicas ou xurídicas participantes cuxos centros de traballo estean situados nalgún dos concellos participantes relacionados no Anexo I e cuxa actividade se atope entre hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e medio ambiente, por ser consideradas as de maior oportunidade de crecemento na provincia de Lugo.

2) FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA

Recole a **Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”** e a **Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”** aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

O obxectivo principal é fomentar a iniciativa empresarial entre os mozos, establecendo unha convocatoria para seleccionar aquelas persoas que desexen darse de alta como traballador autónomo (de forma individual ou como persoa xurídica) ou se establezan como socio traballador en empresas de economía social (cooperativas, sociedades laborais, etc) nalgún dos concellos recollidos no Anexo I.

Artigo 2. Beneficiarios

Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”

Dirixida a persoas físicas ou xurídicas da provincia de Lugo cuxo centro de traballo se atope situado nalgún municipio do ámbito de actuación detallado no Anexo I desta convocatoria, que teñan unha necesidade de contratación e que desexen incluír no seu cadro de persoal un mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil que resida nun territorio rural.

As persoas físicas ou xurídicas participantes deberán formalizar un contrato indefinido cun mozo/a inscrito no sistema de garantía xuvenil.

Poderase admitir o teletraballo como fórmula para exercer a actividade ou a existencia dun centro de traballo itinerante a condición de que o mozo/a contratado se comprometa a residir nun dos concellos participantes.

Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

Ambas medidas están dirixidas a aqueles mozos inscritos no sistema de garantía xuvenil, que desexen emprender dándose de alta como traballador autónomo (de forma individual ou como persoa xurídica) ou ben establecéndose como socio traballador en empresas de economía social (cooperativas, sociedades laborais, etc), exercendo a súa actividade nalgún dos concellos relacionados no Anexo I.

Artigo 3. Requisitos dos participantes:

1. Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”

As persoas físicas ou xurídicas participantes deberán cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nesta orde e na normativa xeral do programa recollida no Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro e deberán cumprir_cos seguintes requisitos:

- Persoas físicas ou xurídicas cuxos centros de traballo estean situados nalgún dos concellos relacionados no Anexo I – Listado Concellos desta convocatoria.

- Persoas físicas ou xurídicas que non estean incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

Os participantes deberán cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nesta orde e na normativa xeral do programa recollida no Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro, e en todo caso:

- a) Estar inscritos no sistema de garantía xuvenil.
- b) Residir nalgún concello dos indicados no Anexo I, como mínimo dende a posta en marcha da actividade ou dende o inicio da obra ou similar (no caso de imputar meses previos) tal e como se prevé no artigo catro das bases que regulan o procedemento, ou residir onde exerzan a súa actividade laboral sempre que este incluída nalgún dos concellos relacionados no Anexo I .

Non é obrigatorio residir e exercer a actividade laboral no mesmo concello pero si é obrigatorio que a residencia e a actividade se sitúe nalgún dos concellos do ámbito de aplicación destas bases.

- c) Que non estean incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. Financiamento

1. As subvencións ás que se refiren as seguintes bases, están recollidas dentro do “Programa Prende! Bota Raíces no Rural” e convócanse en réxime de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible.

As actuacións comprendidas nestas axudas financiaranse a través do Fondo Social Europeo da iniciativa de Emprego Xuvenil, no marco de intervención do Fondo Social Europeo 2014-2020.

Esta axuda estará financiada nun 91,89% polo “Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ), a diferenza será asumida por fondos propios da Deputación de Lugo.

2. O financiamento da actividade da **Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”** prevista nesta orde efectuarase con cargo ás aplicacións orzamentaria 2410.470 e 2410.470.55 dos orzamentos do ano 2020 e 2021, por importe de 171.000 € para sufragar os custos salariais dos mozos/as contratados polas persoas físicas ou xurídicas participantes.

Nesta medida cada persoa física ou xurídica beneficiaria recibirá o 50% do SMI vixente a data de publicación destas bases, (950€/mes) e polo número de meses que permaneza contratado ata un máximo de 12 meses, a condición de que a modalidade de contratación sexa indefinida e a alta do traballador se manteña como mínimo 6 meses, no caso que se manteña menos dos 6 meses non xenera a contía proporcional. Sen prexuízo de solicitar un novo traballador , tendo en conta que o computo de tempo comeza co inicio da nova contratación. A contía máxima será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$50\% * 950€ * 12 \text{ (meses)} = 5.700€$$

Estas axudas considéranse axudas de mínimos, neste sentido as entidades beneficiarias velarán polo cumprimento das condicións do Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión Europea de 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e en particular ás axudas de mínimos do artigo 3.3.

3. O financiamento da actividades da **Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”** e a **Medida 8.2.3.4 “TU EMPLEO EN EL RURAL”** previstas nesta orde efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470 e 2410.470.55 dos orzamentos do ano 2020 e 2021, por importe total de 17.100€ e 17.100€ respectivamente.

Nestas medidas cada beneficiario recibirá o 75% do SMI vixente (950€) e polo número de meses que permaneza de alta ata un máximo de 12 meses durante os cales se terá que exercer a actividade declarada no proxecto de modo efectivo, debendo permanecer en alta a lo menos seis meses para ter dereito o cobro da axuda, non xerará dereito o cobro da axuda no caso de estar menos de 6 meses. A contía máxima será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$75\% * 950€ * 12 \text{ (meses)} = 8.550 €$$

Considerarase tempo efectivo, aquel que no seu caso e de maneira xustificada, se dedicara ao acondicionamento inicial do centro de traballo, sen que dito período poida exceder de dous meses, anterior a publicación da concesión da axuda. Para xustificalo poderase acreditar a través de facturas de acondicionamento do local ou similar.

Estas axudas considéranse axudas de mínimos, neste sentido as entidades beneficiarias velarán polo cumprimento das condicións do Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión Europea de 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e en particular ás axudas de mínimos do artigo 3.3.

Artigo 5. Actuacións subvencionables

1. Adquirirán a condición de gastos subvencionables aqueles que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido, tal e como establece o artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. A subvención á que poderán acceder as empresas solicitantes da **Medida 8.2.4.2 “ GENTE JOVEN EN EL RURAL”** consistirá nunha axuda económica equivalente ao 50 % do SMI para o ano 2020 sempre e cando o traballador contratado se manteña ata o sexto mes e durante un máximo de 12 meses.

As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias deberán asinar co/a mozo traballador/a un contrato indefinido. Para todos os efectos este contrato rexerese pola lexislación laboral vixente, sen xerar ningunha vinculación de carácter laboral o contractual coa Deputación Provincial de Lugo.

3. A subvención á que poderán acceder os solicitantes da **Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”** e da **Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”** consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do SMI para o ano 2020 sempre e cando a alta no réxime elixido (traballador autónomo ou por establecerse como socio traballador en empresas de economía social) se manteña 6 meses e durante un máximo de 12 meses .

Artigo 6. Documentación, forma e prazos da solicitude de adhesión.

6.1. Documentación a presentar.

Os interesados en participar, deberán comunicar a súa vontade de adhesión (Modelo de Solicitude), segundo os modelos aprobados pola Deputación Provincial de Lugo que estarán dispoñibles e poderán descargarse no seguinte enlace <http://sede.deputacionlugo.org>, manifestando expresamente que asume os deberes e compromisos previstos no programa mediante a súa firma xunto coa seguinte documentación:

6.2. Documentación específica da solicitude:

6.2.1 Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” Prende! Bota Raíces

- Solicitude de adhesión (Modelo de Solicitude) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.
- CIF ou DNI.
- Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).
- Anexo II – Declaración responsable asinada.
- Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.

6.2.2. Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

- Solicitude de adhesión (Modelo de solicitude) a medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” ou da medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en en Rural” asinada.
- DNI
- Xustificante de inscrición no Ficheiro Nacional de Garantía Xuvenil , ou autorización para comprobación do mesma.
- Plan de empresa do proxecto incluíndo un plan financeiro.
- Anexo II – Declaración responsable asinada.
- Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación a Deputación Provincial de Lugo.

6.3. Forma e prazos de presentación da solicitude.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de adhesión presentaranse de forma telemática a través da sede electrónica: <http://sede.deputacionlugo.org> ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude o/a solicitante deberá identificarse a través dun certificado dixital dos recoñecidos na Lei 59/2003 de firma dixital. No caso de presentar a solicitude a través de representante deberase utilizar o certificado dixital da persoa que conste como tal na solicitude. O mesmo certificado utilizado para a identificación utilizarase para o proceso de presentación e firma dixital da solicitude, para iso será necesario ter instalada a aplicación Autofirma da Administración Xeral do Estado e que se pode descargar no seguinte enlace: <http://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html>

So se podará presentar solicitude para unha medida. Agás na medida de fomento da contratación por conta allea (8.2.4.2), para a cal, poderase solicitar axuda para mais dun mozo na solicitude inicial. Resolvéndose a concesión de un so mozo nunha primeira quenda e pasados os dous meses(período de solicitude), de existir crédito suficiente concederase un segundo mozo/a, e así sucesivamente, respectando en todo momento a orde de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses contados desde o día seguinte á publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións ou ata o fin do crédito dispoñible.

A Deputación Provincial concederá un prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte á publicación do requirimento para a corrección das deficiencias detectadas nas solicitudes da subvención.

Mediante acordo da Xunta de Goberno declararase o desestimento daquelas solicitudes que non se axusten ao establecido nas bases ou que non emendasen as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

6.4. Comunicacions

As comunicacions aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Calquera acto ou comunicación relativa ao presente programa que proceda en virtude do procedemento administrativo, farase público no Taboleiro de Anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación.

Artigo 7. Selección de beneficiarios

O procedemento de concesión das subvencións estará suxeita a existencia de crédito, polo que o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva. Enténdese por concorrencia non competitiva a concesión das axudas, sen que se comparen solicitudes, atendendo á orde de chegada (data de rexistro), a condición de que se cumpran os requisitos e condicións esixidas para ser beneficiario da actuación solicitada. Desta forma, calquera solicitante que cumpra os requisitos e condicións esixidas, e sempre que existan dispoñibilidades orzamentarias, poderá ser beneficiario das axudas reguladas neste Programa.

De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas. As axudas resolveranse no exercicio corrente para dar cumprimento o período de execución establecido no Real Decreto 1234/ 2018, do 5 de outubro, que regula o outorgamento destas axudas as entidades locais.

Si o orzamento asignado non é suficiente para conceder todas as axudas solicitadas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Estes procedementos entenderanse iniciados a solicitude da persoa interesada. Concederanse en atención á mera concorrencia dunha determinada solicitude da persoa interesada, sen que sexa necesario establecer a comparación entre solicitudes nin a prelación entre as mesmas.

O órgano instrutor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social.

Revisados os expedientes aqueles que se atopen incompletos requiriráselles ás entidades que presenten nun prazo de 10 días hábiles a documentación que se inclúe no artigo 6.2. A non presentación de devanditos documentos en prazo, determinará a perda dos dereitos derivados da participación no presente proceso.

Os expedientes completos, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe.

A Comisión de Valoración estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, actuando como Secretaria a Xefa da Sección de Promoción Económica e emprego ou en quen delegue ou substitúa. Nomearase por Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo.

Para o funcionamento da comisión aplicaráselle o réxime establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e concordantes de aplicación.

Artigo 8. Asignación do mozo (Aplicable so na Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”)

Unha vez resolta a selección das empresas beneficiarias, esta leva implícita a obriga da contratación dun mozo maior de 16 e menor de 30, inscrito no ficheiro de garantía xuvenil e empadroadado nalgún dos concellos participantes (relacionados no Anexo I). Para o caso de mozos a piques de cumprir os 30 anos ou de cumprilos en breve, a contratación debe estar formalizada antes de que transcorran 4 meses desde o seu cumprimento, só neste caso específico se poderá finalizar a participación no mesmo.

A selección dos mozos/as a contratar por parte das empresas beneficiarias levarase a cabo a través da Axencia de Colocación da Deputación Provincial de Lugo, habilitando un proceso de intermediación entre a Deputación de Lugo e os mozos/as inscritos no ficheiro de garantía xuvenil con perfil acorde ás necesidades da empresa beneficiaria, co obxecto de simplificar tempo e custos para ambas partes, respectando o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación.

O prazo para formalizar as contratacións son de 5 días hábiles dende o envío da proposta da selección por parte da Axencia de Colocación.

Os participantes non poderán figurar como contratados máis dunha vez a non ser que se trate de empresas diferentes.

A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación de Lugo.

Artigo 9. Acordo

Efectuarase pola Xunta de Goberno e referirase a todas aquelas solicitudes cuxa data de entrada se atope comprendida entre o inicio do prazo e o mes completo anterior á celebración da Xunta de Goberno, sempre que tivesen completa a documentación e exista crédito suficiente. Para o caso das solicitudes que se atopen en prazo de emenda quedarán en espera da seguinte Xunta de Goberno. No caso de que non cumpran os requisitos aprobarase a súa denegación de acordo co artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acordo notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40, 42 e 43 da Lei 39/2015 mediante a publicación no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> e no BOP de Lugo.

O prazo para resolver e notificar é de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

O órgano instrutor elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración, xunto coa proposta de acordo. O acordo de concesión conterá a relación dos beneficiarios/as por cada medida, así como as contías que recibirá en caso de cumprir o establecido nas presentes bases tendo en conta o crédito fixado na convocatoria, así coma as denegacións da axuda xunto cos motivos da mesma.

Neste suposto, si renunciase algún beneficiario/a, o órgano outorgante acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da/subvención á entidade seguinte sempre e cando o crédito fose suficiente.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sección de Promoción Económica e Emprego responsable da iniciativa publicará no BOP e na súa páxina web ([enlace a emprego](#)) oficial a relación das entidades beneficiarias do programa e o importe da subvención outorgada a cada un deles, así como as non beneficiarias e o motivo da exclusión.

Artigo 10. Compromisos e deberes para os beneficiarios/as da subvención:**Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”**

- Definición do perfil do posto obxecto da subvención.
- Contratar a un mozo inscrito no ficheiro nacional de garantía xuvenil que se atope empadroadado nalgún dos concellos relacionados no Anexo I.
- Modalidade de contratación indefinida.
- Facilitar ao novo contratado, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación do Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
- Cumprir cos deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo, independentemente do momento do pago da subvención.
- Realizar a contratación dentro do prazo de 5 días hábiles desde o envío por parte da Axencia de Colocación da preselección de candidatos.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.

- Publicitar a actividade subvencionada incluíndo o emblema do FSE e referencia á cofinanciación pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e á Garantía xuvenil.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan axiña como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou persoais, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016. (ver artigo 19 das bases do programa).
- Dar o seu consentimento a Deputación de Lugo para a comprobación, en calquera fase do programa, que a entidade se atopa o corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios (Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial.
- As entidades beneficiarias quedan suxeitas ao réxime de deber e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

- O prazo máximo para o inicio da actividade e de 2 meses dende a publicación do acordo da concesión da subvención, salvo a opción contida no artigo 4 , para o caso de acondicionamento do local, que se terá en conta ata 2 meses previos a publicación da concesión da subvención.
- A actividade profesional inherente ao proxecto de autoemprego ou de emprendemento colectivo deberase exercer de modo efectivo como mínimo durante o período temporal e ou actividade declarada.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- Publicitar a actividade subvencionada incluíndo o emblema do FSE e referencia á cofinanciación pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e á Garantía xuvenil.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan axiña como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou persoais, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016. (ver artigo 19 das bases do programa).
- Dar o seu consentimento a Deputación de Lugo para a comprobación, en calquera fase do programa, que a entidade se atopa o corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios (Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial.
- As participantes quedan suxeitas ao réxime de deber e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 11. Compromiso para os mozos e mozas contratados o abeiro da Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”

- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación de acordo co previsto no Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
- Cumprimento das funcións e obrigas do posto asignado.
- Respetar o código ético e de conduta da empresa no exercicio das facultades directivas do empregador.
- Cumprimento das obrigas da lexislación vixente.
- Entregar á Deputación de Lugo certificado de empadramento e certificado de vida laboral no momento da firma do contrato e unha vez finalice a subvención con cargo ao programa aínda que o contrato siga vixente.
- Manter durante todo o período de duración do contrato o empadramento dentro dalgún dos concellos participantes relacionados no Anexo I destas bases.

- Participar de forma activa nos controis de seguimento da Deputación de Lugo para envío de indicadores de seguimento a entidade de xestión.

Artigo 12. Compromisos da Deputación de Lugo

Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”

- Realizar en dous pagos a axuda establecida tras a comprobación da alta do traballador na modalidade de contrato e mantemento do traballador pasados 6 meses, e 12 meses. Formalizando o primeiro pago do 50% os 6 meses e o segundo (50%) aos 12 meses. Non xera dereito a axuda proporcional do período no caso de non permanecer en alta 6 meses.
- Servizo de intermediación para a busca activa de traballadores mozos inscritos no sistema nacional de garantía xuvenil a través da Axencia de Colocación acorde ás esixencias do posto ofertado.

Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

- Axuda técnica na xestión da viabilidade e alta da empresa por parte de Técnicos especialistas da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.
- Realizar dous pagos do 50 % da axuda establecida os 6 e 12 meses , este pago queda condicionado a que a actividade declarada estivese de alta 6 meses , no caso de non cumprir dita condición non se xenera a obriga do pago proporcional da axuda durante o tempo de alta ,ou que se a acolla a excepción contida no artigo 4 para o caso de período previo de obras. No caso de que non se manteña o tempo establecido procederase a devolución da axuda percibida xunto coa aplicación dos xuros de mora correspondentes.

Artigo 13. Tramitación pago axuda

Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL”

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, realizarase en dous pagos ,transcorridos os 6 primeiros meses dende a contratación, entendendo como primeiro día, o día de alta na seguridade social ou mutua colexial de ser o caso, e os 12 meses.

Para recibir o pago da subvención concedida pola Deputación de Lugo, no prazo dun mes a entidade beneficiaria debe entregar , transcorridos os 6 e 12 meses dende a alta do traballador a documentación detalla no paragrafo seguinte.

No caso de que a contratación finalice antes dos 12 meses, é sempre que se mantivera mais ala dos 6 meses, a solicitude do pago poderá realizarse durante o mes posterior o cese, acompañándoa da documentación para o pago final da axuda (a esixida nos 12 meses).

Primeiro Pago:

- Solicitude de pago (Anexo IV)
- Anexo III .
- Copia compulsada ou cotexada do contrato de traballo, formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego.
- Vida laboral actualizada.
- Certificado da conta bancaria do beneficiario.

Segundo Pago:

- Solicitude de pago (Anexo IV)
- Anexo III.
- Nóminas e xustificantes de pago do traballador ou traballadores durante o período de subvención
- Seguros sociais e xustificantes de pago do traballador ou traballadores durante o período de subvención
- Informe de traballadores en alta (ITA) onde figuren o participante ou participantes contratados expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social con data posterior ao cumprimento do período de mantemento do emprego.
- Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa, de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou si é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IV)
- Declaración responsable cumprimento normativa minimis (Anexo III).
- Certificado de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e de seguridade social, Deputación de Lugo, ou autorización de comprobación de datos.

- Xustificación con probas gráficas, sonoras ou visuais acerca da publicidade realizada conforme ás instrucións facilitadas pola Deputación de Lugo en relación a logos ou emblemas.
- Certificado da conta bancaria do beneficiario.

O período máximo subvencionable exténdese ata o 14 de febreiro de 2021 salvo resolución de ampliación de prazo por parte do organismo competente.

Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” e Medida 8.2.3.4 “ TU EMPLEO EN EL RURAL”

O pago completo da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, realizarase en dous pagos transcorridos os 6 e 12 primeiros meses dende o inicio do tempo de exercicio efectivo da actividade declarada na solicitude, salvo a excepción de computo no inicio de obras ou similar detallado no artigo 4. No caso de non manter a actividade procederase a devolución da axuda percibida xunto cos xuros de mora correspondentes.

Para recibir o pago da subvención concedida pola Deputación de Lugo o beneficiario deberá presentar transcorridos os 6 e 12 meses do exercicio efectivo da actividade, no prazo de un mes:

Primeiro Pago

- Solicitude de pago (Anexo IV)
- Anexo III
- Memoria descritiva onde se acredite a actividade profesional inherente o proxecto vida laboral actualizada e ou alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores.
- Certificado da conta bancaria do beneficiario.

Segundo Pago

- Solicitude de pago (Anexo IV)
- Anexo III
- Memoria descritiva onde se acredite a actividade profesional inherente o proxecto e que se poida comprobar que se exerceu de modo efectivo o longo do período declarado aportando declaracións de IVA, vida laboral actualizada e/ou alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores.
- Facturas que acrediten o acondicionamento inicial do centro de traballo para xustificar o tempo efectivo adicado a este fin, so no caso de optar por esta opción..
- Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa, de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou si é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IV)
- Declaración responsable cumprimento normativa mínimis (Anexo III).
- Certificado de estar ao corrente coas súas obrigacións tributarias estatais autonómicas e de seguridade social, deputación de Lugo, salvo autorización para a súa comprobación.
Aprobada inicialmente o Regulamento de Uso das instalación da piscina municipal de Alfoz por Acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2020, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia* para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellodealfoz.sedelectronica.es>.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Alfoz, 18 de xuño de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 1242

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 17 de xuño de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido dirixíndose á Secretaría do Concello a través da Sede Electrónica do Concello de Barreiros (<https://barreiros.sedelectronica.es/>), do correo electrónico administracion@concellodebarreiros.gal, telefonicamente ou presencialmente, solicitando cita previa, e presentar as alegacións que estimen oportunas. Asemade, dada a situación derivada da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias de carácter laboral e económico para a cidadanía, establécese de xeito extraordinario no período comprendido entre o 20 de xuño e o 14 de agosto de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 17 de xuño do 2020.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1243

BÓVEDA*Anuncio*

Expte. n.º 307/2020

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data dezaioito de xuño de 2020, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2020, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

(<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>).

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Bóveda, 18 de xuño de 2020.- OAlcalde, José Manuel Arias López.

R. 1244

FOZ*Anuncio***APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS, E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA**

Por Decreto desta Alcaldía de data 12 de xuño de 2020, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2020, por importe de //2.032,00 €///.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 5 de agosto de 2020 ao 5 de outubro de 2020.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 15 de xuño de 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 1245

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 29 de xuño do 2020, o REGULAMENTO DE USO, RESERVA E ALUGER DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE

MONFORTE DE LEMOS, exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, luns 29 de xuño do 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R.1349

OUTEIRO DE REI

Anuncio

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Aínda que cada vez a sociedade ten unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os Concellos galegos.

Aos problemas ambientais xerados como consecuencia da conducta absolutamente irresponsable daqueles que abandonan os animais de compañía, engádense a enorme e insostible repercusión financeira que tal conducta implica para as facendas locais.

En efecto, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de benestar dos animais de compañía de Galicia atribúe aos Concellos a obriga de soste-lo con fondos públicos e de xeito ilimitado non soamente a recollida, senón tamén o sostemento dos animais abandonados durante toda a súa vida até a morte natural, xa que prohíbe a eutanasia animal salvo para supostos taxados.

Isto conleva un gasto público inasumible, ao tempo que unha incidencia ambiental igualmente preocupante, xa que a meirande parte de estos animais son carnívoros, polo que para o seu mantemento é necesario sacrificar ao longo da súa vida un sinnúmero de outros animais que para o ordeamento xurídico non son tan dignos de protección pola única circunstancia cultural de que o ser humano non os considera de "compañía".

Por tal motivo, a única solución para mitigar a situación creada é o fomento da adopción, de xeito que aquelas persoas que queiran convivir cun can non acudan ao mercado para facerse con él, senón que acollan a aqueles albergados nos servizos municipais. De este xeito mellórase sustancialmente o benestar dos animais abandonados, ao tempo que se descarga á facenda local.

Coa finalidade de implantar esta medida, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- CONVOCAR unha liña de axudas para todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que desexen adoptar algún dos cans abandonados recollidos e custodiados polo Concello de Outeiro de Rei na Residencia canina Garatuxa, de conformidade coas seguintes Bases reguladoras:

PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS

Base 1. Liñas xerais e dotación orzamentaria

O Concello de Outeiro de Rei convoca unha liña de axudas para todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que desexen adoptar algún dos cans abandonados recollidos e custodiados polo Concello de Outeiro de Rei na Residencia canina Garatuxa.

O importe da axuda será de 100 euros por cada can adoptado.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 1500 euros, que poderá ser ampliado até 3000 euros no suposto de que sexa insuficiente para atender á totalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas presentes bases.

Base 2. Réxime xurídico

A relación xurdida da presente acción de fomento regúlase na seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Base 3. Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán obxecto desta convocatoria os gastos ocasionados con motivo da adopción de un can custodiado polo Concello de Outeiro de Rei na residencia canina Garatuxa.

Os cans adoptados atópanse en perfectas condicións sanitarias, correctamente desparasitados e vaciados. Asemade, constan co microchip correspondente.

Os beneficiarios asumen o compromiso de non abandonar o can e de mantelo en boas condicións de benestar animal, suministrándolle unha alimentación correcta e dispensándolle os coidados axeitados.

3.2. Determinación do importe da subvención

O importe da subvención será de **100 euros** por cada can adoptado.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrencia ao presente programa será compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa calquer persoa física ou xurídica que non se atope inhabilitado para a tenza de animais de compañía ou que non haxa sido sancionado pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, co Concello de Outeiro de Rei e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.2. Non estaren incurso nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

6.3. Non estaren inhabilitados para a tenza de animais e non haberen sido sancionados pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

6.4. Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a Intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes axustaranse ao formulario previsto no ANEXO I da convocatoria e presentaranse no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

Os prazos de presentación de solicitudes rematará o día 31 de decembro de 2020.

7.2. Documentación das solicitudes:

A documentación da solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- ✓ Documento Nacional de Identidade do solicitante.
- ✓ Certificación dos datos bancarios da entidade, mediante documento expedido e sellado pola entidade financeira correspondente.
- ✓ Documento acreditativo da adopción do can.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Base 8. Resolución

8.1. Valoración das solicitudes:

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- Serán admitidas tódalas solicitudes que reúnan os requisitos indicados anteriormente.

8.2. Concesión

A concesión da subvención efectuarase por prioridade na presentación das solicitudes até o esgotamento do crédito orzamentario ou, de ser o caso, da súa ampliación.

A concesión o ingreso se efectuará ao longo do mes seguinte ao da presentación da solicitude.

A concesión da subvención será obxecto de notificación.

Base 9. Xustificación e pagamentos

Coa finalidade de minorar as cargas administrativas non será necesario xustificar a subvención e presumirase que o importe concedido adicarase á alimentación do animal así coma á dispensación dos coidados veterinarios necesarios.

Tal presunción esixirá que o beneficiario manteña o can en adopción, polo menos durante catro meses e que durante dito período de tempo non cometa ningunha infracción administrativa en materia de benestar animal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Base 10. Incumprimentos e reitegro da subvención

O procedemento sancionador está regulado na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

O abandono do animal ou a súa tenza en deficientes condicións sanitarias nos catro anos posteriores á concesión da subvención implicará o incumprimento do fin da subvención e o reitegro da contía concedida.

Asemade, o coñecemento sobrevido polo Concello de Outeiro de Rei da existencia de circunstancias incompatibles co outorgamento da subvención, determinará o nacemento da obriga de reitegro.

Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Outeiro de Rei coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Outeiro de Rei <https://outeiroderei.sedelectronica.gal> ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon ao seu dispor un modelo de solicitude no apartado “Administración Xeral” – “Protección de datos”.

SEGUNDO- Aprobar a convocatoria da subvención en réxime de concurrencia competitiva, ordenando a súa publicación no BOP de Lugo e máis no taboleiro de edictos municipal.

Outeiro de Rei, 17 de xuño de 2020, O Alcalde, José Pardo Lombao.

ANEXO

SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS

Don/Dona _____
 con DNI nº _____; domicilio a efecto de notificacións en _____
 _____; e teléfono: _____

Á vista das bases de subvención para fomentar a adopción de animais de compañía abandonados, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúno os requisitos esixidos na convocatoria **SOLICITO** ao Concello de Outeiro de Rei o outorgamento da subvención para a alimentación e mantemento do seguinte animal abandonado e custodiado polo Concello de Outeiro de Rei:

Especie:

Nome:

Número de microchip:

Asemade **DECLARO RESPONSABLEMENTE**

I. Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia tributaria de Galicia e co Concello de Outeiro de Rei, así como das súas obrigas coa Seguridade Social.

II. Que non estou incurso en ningunha prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora de subvencións.

III. Que en relación con outras axudas ou ingresos públicos ou privados, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada, a entidade que represento:

NON solicitou outras axudas para a mesma finalidade

Sí solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Administración ou entidade á que solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS NA AEAT

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, **AUTORIZO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**, a comprobar e solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias que obren na mesma respecto á entidade representada.

A presente autorización é única e exclusivamente para os trámites relacionados coa tramitación da subvención solicitada.

En Outeiro de Rei, a de de 2020

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Outeiro de Rei, 17 de xuño de 2020.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1246

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019

Na sesión celebrada pola Comisión Especial de Contas o día 16 de xuño de 2020 informouse a Conta Xeral do exercicio 2.019, que se somete a información pública por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edito, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1247

RIBADEO

Anuncio

ANUNCIO- SISTEMA DE COBRO POLO USO DOS ASEOS DAS PRAIAS DE AS CATEDRAIS E OS CASTROS-AS ILLAS - TEMPADA ESTIVAL 2020 - MOTIVO COVID-19 - CONCELLO DE RIBADEO

Faise público que ante a problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19 e a necesidade de previr os contaxios nas praias do Concello de Ribadeo, en base ao disposto no artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordouse mediante Decreto da Alcaldía 2020-0354 do 18 de xuño de 2020 o seguinte:

PRIMEIRO: Acordar a suspensión excepcional e temporal da aplicación da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE USO DOS ASEOS PÚBLICOS DA PRAIA DE AS CATEDRAIS, aprobada e publicada no BOP nº 164 de 18/07/2014.

SEGUNDO: Fixar, con carácter excepcional e temporal, un prezo público polo uso dos aseos das praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas durante a tempada estival de 2020 coas seguintes condicións:

- O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo municipal de uso dos aseos públicos da praia de As Catedrais e e Os Castros-As Illas de titularidade municipal
- Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados neste acordo quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o apartado anterior
- A tarifa única que se establece por cada uso das instalacións a que se refire o presente acordo ascende a 1,00 euros, IVE engadido no seu caso, por persoa
- A obriga de pagamento do prezo público regulado neste acordo nace desde que se inicia a prestación do servizo. O pagamento do prezo público esixirase mediante autoliquidación, no momento de solicitar a entrada nas instalacións, polo persoal encargado das mesmas, e librarase ao interesado o correspondente xustificante de pagamento. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento, a actividade ou servizo non se preste ou realice, procederase á devolución do importe correspondente, previa solicitude do interesado
- Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións municipais e seguir as normas que se establezan, incluídas as de hixiene, para a súa utilización

TERCEIRO: Dar publicidade do presente acordo para xeral coñecemento, publicar na sede electrónica de Ribadeo <https://ribadeo.sedelectronica.gal> e no B.O.P de Lugo e dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre

Ribadeo, 19 de xuño de 2020.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1252

*Anuncio***Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase para o exercicio 2020 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data **16 de xuño de 2020**, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase para o exercicio **2020**, polo importe de cincuenta e nove mil douscentos noventa e cinco euros (**59.295,00 €**).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase, así mesmo, o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o **30 de xuño de 2020 e 31 de agosto de 2020**, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 17 de xuño de 2020.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1251

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2020 o expediente de modificación de créditos 4/2020- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 17.472,38 € (Dezasete mil catrocentos setenta e dous euros con trinta e oito céntimos euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de créditos antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 17 de xuño de 2020.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1253

SAMOS*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 16/06/2020 o Orzamento municipal do exercicio 2020, xunto co cadro de persoal, bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ó expediente, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, expone ao público na Secretaría do Concello por prazo de 15 días hábiles- que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no B.O.P.- co fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que se consideren oportunas.

Samos, 16 de xuño de 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1254

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE NOVEMBRO DE 2019.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0177 de 18 de junio de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de novembro de 2019 polo importe total de 120,00€

Por medio do presente expone ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 18de xuño de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1256

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 2 SALAMANCA

Anuncio

/D^a MANUEL J. MARÍN MADRAZO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de SALAMANCA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000025 /2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D/D^a RUBEN GONZALEZ SANCHEZ contra LUCIA TEJEDO MUIÑA, MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO , GECONSA ESPJ sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución:

PARTE DISPOSITIVA

Acuerdo:

- a) Declarar a los ejecutados LUCIA TEJEDO MUIÑA, MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO y GECONSA ESPJ en situación de INSOLVENCIA TOTAL por importe de 5.606,47 euros de principal y 560,65 euros de intereses por mora, insolvencia que se entenderá a todos los efectos como provisional.
- b) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, sin perjuicio de reaperturar la ejecución, si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 3704000064002520 en el BANESTO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos

de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a LUCIA TEJEDO MUIÑA, MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO y GECONSA ESPJ en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo.

R. 1257

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/32832

Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), con C.I.F. Q 2801660H, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras consistirán en la supresión de los pasos a nivel situados en los puntos kilométricos 361/620 y 361/845 de la línea Palencia - A Coruña, trayecto Ourense - Monforte - Lugo, en ambas márgenes del río Seco, en la localidad y T.M. de Monforte de Lemos (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 17 de xuño de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1249